

Na lembranza de don Xesús Alonso Montero

Por José Uris Guisantes



Seguramente a maioría dos xornais resaltan a figura de don Xesús como filólogo, biógrafo, ensaísta, poeta, catedrático emérito, doutor *honoris causa* pola USC e pola UNED, presidente da Real Academia Galega (2013-2017), membro destacado da cultura galega, da política (militante do PCE desde 1962), así como da comunicación e colaboración en distintos xornais, sempre na defensa da cultura e do idioma galego.

Tiña unha memoria prodixiosa; era unha ledicia escoitar as conferencias e charlas de don Xesús Alonso Montero que deu nestes últimos anos no IESP A Sangriña e no salón de actos do Concello da Guarda. A derradeira foi o 10 de outubro de 2025 co título San Simón (na ría de Vigo) “Da illa do amor (S. XIII) á illa da morte (1936-1943)”.

Antes, como vén sendo tradicional, asistiu á Ofrenda Floral na Fosa Común de Sestás, con ampla presenza de xubilados de CC.OO. de Vigo, Asturias e directivos da Asociación.

Lembro a conferencia do 23 de marzo de 2023 sobre “Cartas de presos galegos”, entre elas dúas de presos guardeses. En abril de 2024, outra sobre “Poemas escritos nas prisións franquistas (1937-1974)”. Don Xesús distribuíu entre os asistentes “Breve crestomatía con textos en galego e castelán inéditos”.

O 19 de setembro de 2024 escoitamos a don Xesús disertando sobre “Dous poetas galegos fusilados en agosto de 1936 polo franquismo”.

Pero, como amigo e admirador de don Xesús, teño a obriga de falar da grande amizade que tiña coa familia Noya da Guarda, sobre todo con Óscar e Luís Octavio Noya Domínguez (1932 – 16 de agosto de 2006), militante do PCE ata o final da súa vida. As súas cinzas foron espalladas na Guarda, onde nacera.

Luís foi quen volveu reeditar o libro “Fuxidos. Memoria dun republicano galego perseguido polo franquismo” do seu pai en galego, na Editorial Galaxia, en 1996, impreso en Gráficas Numen, da súa propiedade. Ambas edicións están esgotadas. O primeiro “Fuxidos”, en castelán, fora editado por Casuz Editores en Caracas en 1976.


O prólogo da segunda edición de “Fuxidos” é de don Xesús Alonso Montero, do que destaco unhas frases:

[...] Coñecín a Juan Noya nos derradeiros anos da súa vida, pero non o tratei tanto como eu quixera. Refírome a eses seres humanos que viñeron ao mundo cunha idea fixa: a de camiñaren dereitos e ergueitos.

Así camiñou Juan Noya, teimudo sempre na tarefa, na heroica tarefa, de que ninguén o humillase e de non humillar a ninguén: tarefa non doada cando un non é rico.

Tratei a Óscar Noya no seu fogar de Caracas, en 1978, e poucos homes me impresionaron máis pola intelixente bondade, sempre ao servizo das causas mellores. De tal pai, tal fillo; de tal pai, tales fillos.

Juan Noya, amigo íntimo de Brasilino Álvarez, educou os seus (a Óscar, Olga, Fito, Luís e Violeta) na superación: educounos, sen erguer o pasado, para o futuro...



Luís Octavio sería testemuña directa do secuestro do trasatlántico portugués *Santa María* o 20 de xaneiro de 1961 por parte do DRIL (Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación), cando Luís voltaba a Galicia desde Caracas.



Luís Octavio Noya Domínguez, a bordo do *Santa María* (Santa Liberdade), 1961.

Os dirixentes da “Operación Dulcinea” eran Xosé Velo Mosquera (que lle daba clases de galego no “Lar Galego” a Luís en Caracas e era amigo persoal de Óscar, fillo maior de Juan Noya), Jorge Sotomaior e o capitán portugués Henrique Galvão.



Luís, que traía unha cámara de filmar de 8 mm, filmou a vida a bordo durante o secuestro con permiso de Xosé Velo, cuxo filme foi pasado clandestinamente en Santa Cruz de Tenerife co obxecto de superar a Aduana. Testemuña única que pode verse no documental “Santa Liberdade” de Margarita Ledo.



Luís Octavio Noya Domínguez con Portugal ao fondo.

Era tal a relación de don Xesús coa familia Noya que a filla de Óscar, Paz Rosalía Noya González, estudante en Caracas, chegou á Universidade de Compostela para facer a tese da carreira universitaria, aloxándose na vivenda familiar de don Xesús.

Presentaría a tese doutoral na Universidade de Caracas en 1979, sumando para a lectura no acto un folleto de tres páxinas baixo o título de “Catro poetas galegos na emigración venezolana: Xosé Velo, Pura Vázquez, Celso Emilio Ferreiro e Francisco Sesto Novás”.

Pequeno poema de Xosé Velo que recolleu Paz Rosalía no seu traballo:

[...]

Ser para a esperanza, ser
até a morte natural, si,
ou aqueloutra continxente
que poderá chegarnos
na belida aventura
que vai levando o home
até as estrelas.

Ser simplemente humano,
si,
nin besta nin anxo
—nin metade monxe,
metade soldado—.

Centauro incomprensíbel
en que abortou España.

Ser irmán e ser amigo,
estar sempre
contigo,
convosco,
próximos aquí
e acolá,
na lonxanía
até o infindo solidarios...



Rosalía Paz Noya

Profesora de castelán en París, debido a un grave problema renal e tras un transplante posterior, Paz Rosalía finou en febreiro de 2008. Por desexo propio, as súas cinzas foron aventadas no ar do monte Trega, que tanto amaba, no lugar onde ela deixara dito...

“Miradoiro de San Francisco”, de cara ao mar da Guarda, co Miño á esquerda e o Pinhal do Camarido (Portugal) en fronte... unha fría mañá de domingo... e alí o querido profesor, don Xesús Alonso Montero, deu unha emotiva semblanza sobre os Noya e Paz Rosalía.

De seguido, a gaita e os dedos do cantautor local Tino Baz Baz puxeron as notas sentimentais e musicais que se espallaron no ar, co vento frío do nordés, vento que chegaba con sabor a salitre do mar de Ribel.

Presentes: o profesor; Tino Baz; súa nai, Chelo González Vázquez; as dúas fillas de Paz Rosalía; Luís Ferreiro Loredó (finado o 24 de decembro de 2025 aos 80 anos); súa prima Darina Domínguez Andrés; Chela Iglesias Domínguez; e este que escribe. Paz Rosalía... sempre na lembranza... (non tiramos fotografías para preservar a intimidade do acto).



Xesús Alonso con Darina Domínguez Andrés, sobriña de Juan Noya, o 10 de outubro de 2025 en Camposancos, na inauguración da exposición itinerante “As portas do horror. Campo de Concentración de Camposancos e Fosa Común de Sestás”.

Lembro que ao ilustre profesor lle fixeron unha entrevista en 2006 (xornal “El Salto / Galiza”, do 12 de febreiro de 2006), onde dicía:

[...] “O día que me incineren haberá unha bandeira do PC, nin de España nin de Galicia. Interpretarase A Internacional e lerase un texto en castelán de Cernuda, de 1936, e un texto en galego de Curros Enríquez co título ‘A Rosalía’. Serán as miñas honras fúnebres.”

José A. Uris Guisantes